

Plan de Convivencia CEIP Milladoiro Malpica

Maio 2017



ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN
 - 1.1. Marco normativo vixente sobre convivencia
 2. O CENTRO DOCENTE
 - 2.1. Características do centro
 - 2.2. Contorna socio – cultural
 - 2.3. Situación actual de convivencia no centro
 - 2.4. Respostas do centro para á mellora da convivencia
 3. OBXECTIVOS E ACTITUDES A ACADAR CO PLAN DE CONVIVENCIA
 - 3.1. Obxectivos, fins e principios do plan
 - 3.2. Obxectivos específicos
 4. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓNS DO PLAN
 5. ACTIVIDADES PREVISTAS DO PLAN
 - 5.1. A nivel de centro
 - 5.1.1. Medidas preventivas
 - 5.1.2. Medidas de intervención
 - 5.2. A nivel de aula
 - 5.3. A nivel individual
 6. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO
 - 6.1. Normas de convivencia de centro
 - 6.2. Condutas contrarias á convivencia e a súa concreción
 7. RECURSOS DO PLAN
 - 7.1. Recursos humanos
 - 7.2 Recursos materiais
 - 7.3. Recursos de organización
 - 7.4. Outros recursos do centro para favorecer a convivencia
 8. MECANISMOS DE DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN
 9. BIBLIOGRAFÍA
- ANEXOS:
- I NOFC
 - II GRÁFICAS FAMILIAS
 - III GRÁFICAS PROFESORADO
 - IV GRÁFICAS ALUMNADO

1. XUSTIFICACIÓN

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que é necesario alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados.

A importancia de que os centros educativos incorporen un plan de convivencia ao seu proxecto educativo está determinada por toda unha secuencia legislativa que trata de imprimir un novo acento no tratamento das relacións entre as persoas que integran unha comunidade (neste caso, escolar) e, por extensión, que forman parte da sociedade, ademais da propia necesidade de fomentar prácticas sociais acordes cos tempos actuais, o que non significa que cando se tiveran esgotado outros recursos e actuacións previas se teña que recorrer á vía disciplinaria para corrixir determinadas condutas.

O Plan de Convivencia é un dos documentos que ten que formar parte do proxecto educativo de centro (PE) como prescribe a **LOE** no seu **artigo 121**, e ten por finalidade, como indica a Administración Autonómica: “favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, a desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe, e mellorar a cohesión e as relacións internas de cada grupo”. Ademais, tal e como establece o **artigo 124** da **LOMCE**, as actividades que se programen con este fin incorporaranse a Programación Xeral Anual.

Segundo a Administración educativa, o Plan de Convivencia de cada centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias e no contexto xeral dos centros escolares. Neste senso a vital importancia do labor que se debe levar a cabo desde a titoría coa revitalización do plan de acción tutorial (PAT), no que se recollen diversas actividades que favorecen a convivencia.

O obxectivo último é a mellora da convivencia en cada centro e en cada comunidade educativa. No noso caso, pretendemos deseñar un plan suficientemente amplo, que sintetice unha serie de aspiracións comúns pero que, ao mesmo tempo, preserve a necesaria

autonomía, liberdade e iniciativa persoal para que todas e cada unha das persoas que integran esta comunidade educativa poidan exercer e gozar dos seus dereitos e liberdades.

1.1. Marco normativo vixente sobre convivencia.

Legislación estatal

- **Lei 27/2005**, de 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz (BOE 287 do 1-12-2005).
- **Lei 4/2011**, del 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Lei Orgánica 15/1999**, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (**LOE**).
- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, de Mellora da calidade educativa (**LOMCE**).
- **Real Decreto 1720/2007**, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Legislación autonómica

- **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar regula o **Plan de Convivencia**.
- **Decreto 85/2007**, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- **Orde do 17 de xullo de 2007** pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan as instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- **Lei 2/2014** do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

2. CENTRO DOCENTE

2.1. Características do centro

O centro atópase situado na vila de Malpica, pertencente á comarca de Bergantiños, na provincia de A Coruña. É un centro educativo de titularidade pública que desenvolve a súa labor en xornada continuada de 9:00 a 14:00. O centro conta con 10 unidades, 3 de Educación Infantil e 7 de Educación Primaria. No curso 2016-2017 hai un total de 181 alumnos e alumnas matriculados (45 en Infantil e 136 en Primaria) e 19 mestres e mestras.

A nosa poboación escolar ten case na totalidade como lingua inicial o galego. Tan só un 10% das familias afirman ensinarlle a falar aos seus fillos en castelán, mentres que un 58,57% afirman facelo en galego e un 30% nas dúas linguas.

En xeral os alumnos e alumnas do CEIP Milladoiro non presentan problemas de integración nin absentismo escolar.

As maioría das familias amosan interese pola educación dos seus fillos e fillas, e participan activamente en todas as propostas.

A inmensa maioría do noso alumnado pertence a familias naturais do propio concello ou limítrofes asentadas aquí durante xeracións. É frecuente a mobilidade por cuestións laborais: familias que se trasladan buscando oportunidades laborais e levan consigo aos fillos, tanto en dirección de saída coma de entrada. Tendo en conta o perfil económico deprimido, apenas temos alumnado inmigrante.

2.2. Contorna socio-cultural do centro

En relación co contorno socioeconómico e cultural destacamos o feito de que Malpica é un concello cunha extensión de 60.2km² e unha poboación de 6.102 habitantes, espallados nas seguintes parroquias: Malpica, Mens, Barizo, Seaia, San Tirso e Cerqueda.

A poboación está ocupada maioritariamente no sector servizos e na industria, sendo a poboación ocupada no mar e no campo practicamente a mesma que na construción, asunto que rompe unha das tradicións máis arraigadas no imaxinario popular: Malpica xa non é un pobo mariñeiro.

Do número total de empresas (515) a meirande parte (353) ten un único traballador, e só 3 delas teñen máis de 20 (IGE. Instituto Galego de Estatística, 2014).

A idade media é de 50,1 anos de idade e o saldo vexetativo de -79 (IGE, 2014). O nivel de instrución da poboación é medio-baixo, presentando aínda preocupantes datos de analfabetismo entre persoas maiores de 65 anos (Instituto Nacional de Estatística).

Tamén presenta este perfil medio-baixo o nivel económico, sendo a media de ingresos anuais brutos de 13.296 € (dato de 2009).

Este panorama socioeconómico tan deprimido, obriga dobremente á escola pública a cumprir co seu mandato de compensadora de desigualdades sociais de partida pois, na práctica, é o único axente dinamizador da cultura no entorno dos nosos escolares.

A favor deste traballo educativo conta a sólida estrutura familiar que rodea ao noso alumnado e coa que podemos contar á hora de establecer programas e medidas que precisen continuidade máis aló do horario escolar.

En canto a servizos da zona, a localidade conta con: Institucións, Servizos Sanitarios, Comunicacóns, Servizos Sociais, Servizos Culturais, Formación, Centros de Ensinanza e Instalacións deportivas.

2.3. Situación actual de convivencia do centro

O alumnado do CEIP Milladoiro está constituído por nenos e nenas entre os 3 e os 12 anos (é dicir de Educación Infantil a 6º de Educación Primaria).

No centro non existen problemas graves de convivencia. O clima do Centro é positivo e o sistema de relacións, dentro dos diferentes sectores da Comunidade Educativa (profesorado, alumnado e familias) é correcto e respectuoso, salvo mínimas excepcións.

Ao ser unha prioridade para o noso centro a convivencia de todos os sectores da comunidade educativa, analizamos a situación da mesma a través dunhas enquisas que cubriron o profesorado, as familias e o alumnado de centro dos cursos de terceiro a sexto. A continuación presentamos os gráficos cos resultados obtidos en cada un dos sectores.

Interpretación Enquisa Familias: (ver ANEXO II)

A relación entre as familias e o persoal docente do centro: dirección , profesorado e titores, é boa (Gráfico 1 e 3), amosando unha comunicación fluída entre as partes e posuíndo

un alto coñecemento das normas e do funcionamento do centro obtendo así un alto grao de satisfacción co mesmo (Gráfico 2).

A convivencia é positiva por parte das familias participando nas distintas actividades e na vida social do centro (Gráfico 4) e contando cunha ANPA moi participativa e involucrada coas necesidades do mesmo (Gráfico 5), favorecendo así que os seus fillos/as se atopen a gusto no centro e satisfeitos nas súas respectivas clases (Gráfico 6), o que fai que se estableza tamén unha boa relación entre eles mesmos (Gráfico 7) e tamén entre o alumnado e os seus titores/ titoras (Gráfico 8).

A pesar de que a relación entre os seus fillos/as é boa en xeral, son conscientes de que nalgún momento puntual poden xurdir certas situacións desfavorables como insultos e pelexas. (Gráfico 9).

Por último, sinalar que, aínda que as maioría das familias cren que para ter unha boa convivencia se teñen que mellorar aspectos baseados no respecto e na tolerancia por parte do profesorado e do alumnado, resulta chocante que o 50% dos enquisados afirma non transmitir eses mesmos valores de respecto pola educación, a escola e os mestres (Gráfico 11 e 12)

Interpretación Enquisa Profesorado: (ver ANEXO III)

O profesorado considera que a convivencia no centro é positiva habendo unha boa comunicación e relación entre tódolos docentes (Gráfico 1 e 6).

Nalgún momento aparecen condutas disruptivas por parte dos alumnos/as dentro da aula que son afrontadas polos docentes e titores/as falando co rapaz, principalmente, ou botando ao neno fóra da aula (Gráfico 2), problemas que se verían solventados se se adoptasen medidas conxuntas a principio de curso entre todo o profesorado e contando tamén coa implicación das familias (Gráfico 3).

Respecto ao conflitos que se dan con máis frecuencia entre alumnado destacar que apenas existen agresións de importancia, soamente algúns problemas de conduta como agresións de tipo verbal, “rirse de...” , “meterse con...” e ademais dalgúns problemas á hora de compartir material (Gráfico 4 e 5).

Ante a aparición dalgún problema de disciplina ou conflito, e dependendo da súa gravidade, resólvese por un mesmo ou mediante a comunicación entre o/a titor/a e o equipo directivo (Gráfico 7).

As relacións entre profesorado – alumnado e profesorado – familias desenvólvese dunha maneira correcta tendo como consecuencia un bo traballo en equipo; iso non quere dicir que nalgún momento puntual poida existir algunha desconformidade (Gráfico 8).

Como solucións para afrontar os problemas de convivencia que van xurdindo, os docentes propoñen na súa maioría a aplicación rigorosa das normas de convivencia reflectidas nas NOFC do centro e a participación do alumnado na resolución de problemas (Gráfico 9).

Un 50% do profesorado considera que a pesar de ter unha relación fluída coa familia , non é tan real como aparenta, dado que ás veces escoitan ao profesorado pero non se chegan a acordos de actuación, desconfían da información que se lles da e ás veces non asumen a súa responsabilidade ante os problemas. A pesar disto amosan interese polos estudos dos seus fillos/as, concretamente no referente aos resultados finais (Gráfico 11A, 11B , 12 e 13)

Interpretación Enquisa Alumnado: (ver ANEXO IV)

Baseándonos nesta enquisa, podemos dicir que existe unha boa relación entre todos eles (Gráfico 1), así como tamén co seu profesorado (Gráfico 2).

A gran maioría do alumnado cren que, tanto os seus compañeiros como o profesorado teñen unha boa opinión sobre eles (Gráfico 1 e 2).

A convivencia é boa (Gráfico 5); apenas existen enfrontamentos entre o profesorado e o alumnado, polo xeral respéctanse as normas (Gráfico 6A) , aínda que ocasionalmente pode haber algún altercado como insultos ou pelexas (Gráficos 7, 8, 9, 10 e 11).

En xeral convívese nun ambiente de integración e inclusión.

Como **conclusión** destas enquisas, podemos deducir que no centro a convivencia é boa, polo que debemos seguir traballando **fortalezas** como aspectos a manter tales como :

- Comunicación fluída entre familias e persoal docente.
- ANPA moi participativa na vida social e involucrada nas necesidades do centro.

- Boa relación e comunicación entre o equipo docente
- Relación positiva entre o profesorado e o alumnado.
- Alto grao de satisfacción co centro por parte das familias e o alumnado.
- Bo concepto dos profesores por parte do alumnado.
- Coñecemento das NOFC (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia) do centro por parte da comunidade educativa.
- Seguir mantendo a liña de integración e inclusión.

Por outra banda, tamén debemos ter en conta unha serie de **debilidades** como aspectos a mellorar tales como:

- Evitar certas situacións desfavorables como burlas, insultos e pelexas entre o alumnado.
- Implicación do alumnado na resolución de problemas co fin de reflexionar sobre as súas propias condutas e as dos seus compañeiros.
- Evitar sacar da aula ao alumno/a ante condutas disruptivas buscando outras posibles alternativas.
- Adoptar medidas conxuntas por parte de toda a comunidade educativa antes situacións de conflito.
- Reforzar mais os dereitos e obrigas do alumnado.
- Inculcar valores de respecto pola educación, a escola e os mestres.
- Transmitir unha maior confianza ás familias no intercambio de información do seu fillo/a .

2.4. Respostas do centro para á mellora da convivencia

O Plan de Convivencia debe propiciar reforzos naqueles aspectos positivos da convivencia e cambios nos modelos de organización escolar cando se perciba a necesidade de mellorar.

Neste senso cobra vital importancia a labor que se debe levar a cabo desde a titoría coa conseguinte revitalización do plan de acción tutorial, pero tamén o traballo por parte dos demais sectores educativos: equipo directivo, comisión de convivencia, resto de equipo docente, departamento de orientación...

As respostas educativas que ofrece o centro son:

- A nivel de centro: Comisión de Convivencia, NOFC, Departamento de Orientación, e Protocolos de actuación ante as diversas problemáticas.
- A nivel de aula: Plan de acción tutorial, programas específicos de diversa temática, saídas escolares.
- A nivel individual: plans de actuación individualizados, mediación, entrevistas individuais.

Ademais todas as intervencións que se levaron a cabo durante os cursos escolares anteriores, no que se presentaron conflitos puntuais con carácter individual ou grupal, traballáronse dende o plan do Departamento de Orientación aspectos relevantes como:

- Normas de convivencia do centro: dereitos, deberes e responsabilidades.
- Traballo en grupo sobre resolución de conflitos, acoso escolar...
- Experiencias concretas como:
 - * Programa de igualdade de xénero (en colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Malpica).
 - * Programa de habilidades sociais.
 - * Programa de Xogos cooperativos e populares (durante os recreos).
 - * Protocolo de Mediación.
 - * Protocolo de Acoso Escolar.
 - * Protocolo de Actuación ante condutas disruptivas.
 - * Protocolo de Absentismo.
 - * Protocolo de Acolida.

3. OBXECTIVOS E ACTITUDES A ACADAR CO PLAN

3.1. Obxecto, fins e principios do plan

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais (art.12 do D.8/2015):

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un

ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

3.2. Obxectivos específicos

- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- Recoller nas NOFC accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro, así como nos momentos de maior actividade.
- Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familia-profesorado).
- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e da aula.

- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica de convivencia.
- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...)
- Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).
- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e da aula.
- Establecer liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e outras organizacións no oficiais (ONG, fundacións...).

4. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN DO PLAN

As actuacións que levemos a cabo neste plan iranse establecendo mediante accións con carácter xeral e con carácter específico, seguindo criterios claros, tendo en conta en todo momento as actuacións recollidas no art.15 do D.8/2015, ademais das que aquí quedan reflectidas.

- Funcionamento do Comisión de Convivencia, coa celebración de reunións no seu horario, con asistencia obrigatoria. Establecemento de directrices xerais desde a Comisión de Coordinación Pedagóxica para o axeitado desenvolvemento do plan de convivencia, coas pertinentes reunións.
- Participación no claustro de profesores/as con reunións para aprobar todo o relativo ao plan de convivencia, co seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.
- Participación nas reunións trimestrais dos equipos docentes, para nas sesións de avaliación ofrecer asesoramento e presentar novas propostas de actuación en convivencia.

- Establecemento de accións para o curso escolar: acollida ao inicio do curso, funcionamento dos grupos, problemas de convivencia a resolver..., coa implicación do departamento de orientación, e resto de equipo docente.
- Coordinación coa xefatura de estudos para ir concretando as propostas que se levarán a cabo polo coordinador de convivencia.
- Entrevistas e reunións con axentes externos ao centro, con periodicidade variable, para concretar actividades a desenvolver no previsto para cada ámbito (equipo de trastornos de condutas, colexio oficial de psicólogos, servizos de saúde, servizos sociais...).
- Coordinación específica co profesorado de apoio (PT, AL...) mediante reunións, para a organización da docencia, seguimento dos apoios, dotación de recursos e revisión de todo o proceso de apoio e coordinación docente, no caso de alumnado con problemas graves de conduta.
- Entrevistas e reunións con pais/nais ou titores legais, de alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo, asociadas a problemas de conduta, para informarlles de medidas axeitadas para atender as necesidades que presentan, buscando a implicación do centro, do profesorado e do titor/a, sempre en colaboración co departamento de orientación.
- Entrevistas e reunións co alumnado do centro atendendo ás súas necesidades educativas, para ofrecer respostas educativas axeitadas, coa coordinación do profesorado, do titor/a, coa colaboración do departamento de orientación.

5. ACTIVIDADES PREVISTAS DO PLAN

5.1. A nivel de centro

5.1.1. Medidas preventivas

- Resulta fundamental a figura do coordinador de convivencia no desenvolvemento e o seguimento do plan de convivencia.
- Programa de actividades de Educación para a Paz, tomando como referencia as seguintes datas: o 10 de decembro. Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos; o 30 de xaneiro, Día escolar da non Violencia e a Paz; e o 8 de Marzo, Día Internacional da Muller. Coa programación realizada anualmente, a base fundamental das actividades propostas para esas datas debe ser a de rexeitar condutas tipicamente

violentas de racismo, xenofobia, sexistas..., dentro e fóra do contorno escolar e favorecer actitudes positivas cara á igualdade racial, de relixión, de xénero...

- Programa de acollida da comunidade educativa: de pais/nais ou titores legais, alumnos/as e profesorado ao inicio e ao longo de todo o curso escolar para propiciar unha rápida integración no funcionamento do centro e favorecer un clima de confianza e colaboración axeitado para facilitar un desenvolvemento das actividades docentes.
- Programa de sensibilización contra o acoso escolar. Sempre é mellor previr o acoso escolar polo que incluíranse intervencións concretas dirixidas a detectar situacións de risco e evitar a súa aparición.
- Plan de Mellora da biblioteca (en tódolos ámbitos).
- Revisión das “Normas de convivencia e funcionamento do centro” por parte do claustro de mestres, procurando adecualas ás novas situacións, que serven de punto de partida para a elaboración das normas de cada aula.
- Actividades lúdicas e deportivas.
- Plan para a prevención, detección e intervención diante do Absentismo escolar (en colaboración co Concello).

5.1.2. Medidas de intervención

- Formación dun EQUIPO DE CONVIVENCIA: integrado por mestres do centro para atender as posibles demandas e situacións que durante o curso escolar se presenten referidos a convivencia (mediación en conflitos, partes de incidencias, altercados, celebracións, acondicionamento dos espazos do centro, etc).
- Creación do OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA ESCOLAR, dentro do seno do Consello Escolar, que estará integrado pola directora (a que lle corresponderá a presidencia), a xefa de estudos (a vicepresidencia), de un a catro mestres, o orientador/a, unha persoa representante do alumnado, unha persoa da ANPA, a persoa do Consello Escolar do centro que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación e unha persoa representante do persoal non docente.
- Programa de habilidades sociais para todos os alumnos coa formación para resolución de conflitos.

- Programa para a formación de alumnos/as axudantes e mediadores: alumnos dos últimos cursos que axuden á resolución dos conflitos que poidan xurdir no centro
- Normas de Organización Funcionamento e Convivencia (NOFC): Dereitos e Deberes do profesorado e do alumnado.
- Plan de actuación en casos de acoso escolar: difundir entre o profesorado as claves e terminoloxía específica e necesaria para a identificación do acoso escolar, así como do protocolo de actuación a levar a cabo.
- Plan de actuación en caso de incidencia ou altercado contraria a boa convivencia no centro: protocolo a seguir cando xurda unha situación de conflito no centro.
- Lugar para o acordo: acondicionaranse diferentes espazos (tanto no centro, como nas aulas) para resolver conflitos e chegar a acordos.

5.2. A nivel de aula

- **Plan de atención á diversidade**
 - Programa de apoio de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
 - Programa de reforzo educativo, por niveis de competencia nas áreas instrumentais...
- **Plan de acción titorial**
 - Acollida e integración do alumnado a nivel de aula en sesión de titoría durante o primeiro trimestre: cuestionario de autocoñecemento do alumnado, coñecemento das normas do centro (dereitos e deberes), elección do delegado/a.
 - Acollida e integración de alumnado a nivel de aula, de incorporación tardía ao sistema educativo ou de procedencia estranxeira: procedemento de matriculación do alumnado, elección de titoría para o alumno/a.
 - Programa de autocoñecemento e autoestima.
 - Programa de adquisición de competencias e habilidades sociais.
 - Programa de resolución de conflitos.
 - Programa de educación en valores (valores democráticos).

- Programa de análise da convivencia, en reunións dos antigos equipos de ciclo, e xuntas de avaliación con carácter trimestral.
- Debate e discusión das Normas de Convivencia en cada titoría (1ª quincena de outubro).
- Elaboración en cada clase das normas que van a rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do centro, colocaranse nun lugar visible da aula. Ademais recolleranse as de todas as titorías nun libro ilustrado.
- Comunicación aos pais/nais de cada titoría de ditas normas.
- Traballaranse en cada titoría, polo menos unha vez ao mes, e sempre que se considere oportuno, actividades incluídas no programa de habilidades sociais para a boa marcha da convivencia e todo aquilo que potencie as boas relacións do grupo e da clase.
- Traballo en grupos cooperativos heteroxéneos de alumnado, como dinámica habitual no día a día da aula.

5.3. A nivel individual

- Elaboración por parte do titor/a, en colaboración cos mestres/as especialistas, dun informe (partindo da información recollida no parte de incidencias que aparece nos anexos) para recoller as incidencias dos alumnos/as que presenten alteracións de comportamento de forma reiterada.

6. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO

6.1 Normas de Convivencia do centro

As normas de convivencia teñen como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

As normas de convivencia do centro serán de obrigado cumprimento para toda a Comunidade Educativa, polo que tanto o Equipo Directivo, o Claustro de profesores e o Consello Escolar, velarán polo cumprimento das normas establecidas no documento correspondente (NOFC) (ver Anexo 1).

6.2 Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

No plan de convivencia estableceremos o “procedemento para a recollida das incidencias ou incumprimento das normas de convivencia”

7. RECURSOS DO PLAN

7.1. Recursos humanos

- Órganos de participación e goberno do centro: Equipo directivo, claustro de profesores, consello escolar.
- Dinamizador Coordinador de convivencia: observatorio de convivencia
- Equipo de convivencia.
- Departamento de Orientación.
- Alumnado do centro: Os nenos do terceiro ciclo poderían actuar como mediadores despois de superar un curso previo de preparación impartido por un dos profesores.
- Familias.
- Axentes externos: CEFORE, Equipo de Orientación Específico ao alumnado con trastornos de conduta, Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia.

7.2. Recursos materiais

Entre outros neste caso destacamos os seguintes recursos materiais:

BIBLIOGRAFÍA

- Armas Castro, M. (2005): Alumnado con problemas de conduta, Santiago de Compostela, Consellería de Educación, Xunta de Galicia.
- Armas Castro, M. e Armas Barbazán, C. (2006): Violencia escolar (8-11 anos). Vigo: Nova Galicia Edicións.
- Armas Castro, M. (2006): Cómo prevenir e intervenir en conflictos y problemas de conducta, Madrid: Praxis.
- Carboles, J.A. e Pérez-Pareja, J. (2007): Escuela de padres. Guía práctica para evitar problemas de conducta y mejorar el desarrollo infantil. Madrid: Pirámide.

- Cerezo Ramírez, F. (2007): La violencia en las aulas. Análisis y propuestas de intervención. Madrid: Pirámide.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2005): Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais. Xunta de Galicia.
- Cruz Roja Española (2002): Estrategias educativas para la prevención de la violencia. Mediación y Diálogo. Madrid: CRE
- Jares, J.R. (2006): Pedagogía de la convivencia. Barcelona: Graó.
- Obra Social Fundación “La Caixa” (2006). Programa educativo: Primaria/Programa educativo: Violencia: Tolerancia Cero. Barcelons: La Caixa
- Segura, M. (2005): Enseñar a convivir no es tan difícil. Para quienes no saben qué hacer con sus hijos o con sus alumnos, Bilbao: Desclée de Brouwe
- Torrego, J.C. (coord.) (2007): Modelo integrado de mejora de la convivencia. Estrategias de mediación y tratamiento de conflictos. Barcelona: Graó.
- Torrego, J.C. (coord.) (2005): Mediación de conflictos en instituciones educativas. Manual para la formación de mediadores. Madrid: Narcea.
- Torrego, J.C. e outros (2006): Mediación de conflictos en centros educativos. Madrid: UNED.

PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

Recollidos na páxina da Xunta de Galicia EDUCONVIVES (*Estratexia galega de convivencia escolar* <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>):

- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de Protección de datos.
- Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Informe de diagnose.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria.

- Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica.
- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015.

7.3. Recursos de organización

- Organización de espazos e tempos para o desenvolvemento do plan:
 - Espazos: todos os dispoñibles no centro
 - Tempos: os dispoñibles por parte do coordinador de convivencia, equipo directivo, departamento de orientación, equipo docente...

7.4. Outros recursos do centro para favorecer a convivencia

As medidas reflectidas neste plan son medidas que desenvolven as liñas de actuación do centro educativo con respecto á convivencia que deben quedar reflectidas en:

- Ademais de no Plan de Convivencia, nos distintos elementos que conforman o Proxecto Educativo de Centro (PE).
- Programacións Didácticas.
- Programación Xeral Anual.
- Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC, Ver ANEXO I)
- Plan de Orientación que inclúe o Plan de Acollida.
- Función titorial e orientadora.
- Actuación do equipo directivo.
- Comisión de Convivencia.

8. MECANISMOS DE DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

8.1. Mecanismos de difusión do plan

- Equipo directivo
- Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

- Claustro e Consello escolar
- Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas (ANPA)
- Páxina web do centro

8.2. Seguimento do plan

- Inicial: ao comezo do curso escolar.
- Proceso - formativo: semanal, mensual e trimestral.
- Final: ao finalizar o curso escolar

8.3. Avaliación do plan

A avaliación constitúe un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e os seus elementos: só desde unha reflexión crítica compartida polos integrantes da comunidade educativa sobre o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados e enriquecedores.

O plan de convivencia debe ser un documento vivo, aberto a posibles rectificacións, ampliacións, modificacións, especificacións etc...

Para a avaliación do plan de convivencia no noso centro, teremos en conta os seguintes criterios de avaliación:

- Valorar se hai un clima de respecto, diálogo e colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Apreciar si se previron as condutas racistas, xenófobas, sexistas e posibles situacións de maltrato, acoso e violencia, dentro e fóra da institución escolar.
- Revisar e comprobar a efectividade das medidas preventivas para mellorar a convivencia no centro, mediante a elaboración de programas, materiais de titoría e instrumentos que axuden á resolución de conflito.
- Valorar o desenvolvemento das actividades de formación permanente dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Comprobar o fomento das relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.

- Confirmar se foi posible crear novas canles para a resolución e prevención dos conflitos na comunidade educativa, mediante medidas concretas como as alternativas reeducativas non punitivas...
- Constatar si se apoiou ao profesorado na adquisición de habilidades de comunicación e de estratexias de intervención para afrontar os conflitos na convivencia.
- Verificar si se facilitou ao alumnado a adquisición de habilidades de comunicación, sociais, con estratexias de intervención para afrontar os conflitos.

Os instrumentos de avaliación (serán tanto de tipo cualitativo como cuantitativo): observación, cuestionarios, enquisas, follas de rexistro, probas específicas, entre outras.

9. BIBLIOGRAFÍA

- AVILÉS, José M^a. (2003): Bullying, La intimidación y el maltrato entre el alumnado. Bilbao: STEE-EILAS.
- CASAMAYOR, G. y otros (1996): Cómo dar respuesta a los conflictos. La disciplina en la enseñanza Secundaria. Colección Biblioteca de Aula. Barcelona: Ed. Graó.
- CEREZO, F. (1997): Conductas agresivas en la edad escolar. Aproximación teórica y metodológica. Propuestas de intervención. Madrid: Ed. Pirámide.
- CREENA (Centro de recursos para la educación especial de Navarra) (2000): Comportamiento desadaptado y respuesta educativa en Secundaria. Propuesta para la reflexión y la acción. Departamento de Educación y Cultura. Gobierno de Navarra.
- DÍAZ AGUADO, M^a J. (1996): Escuela y tolerancia. Madrid: Pirámide.
- FERNÁNDEZ, I. (1998): Prevención de la violencia y resolución de conflictos: el clima escolar como factor de calidad. Madrid: Narcea.
- MONJAS CASARES, M^a Inés (1997): Programa de Enseñanza de Habilidades de Interacción Social (PEHIS) para niños y adolescentes. Madrid: CEPE.
- MONTERO ALCALDE, A. (2000): "La convivencia en los centros docentes: modelo de intervención y marco normativo." Málaga: Aljibe.
- ORTEGA, R; DEL REY, R. y GÓMEZ, P. (2002). "Estrategias educativas para la prevención de la violencia: mediación y diálogo." Madrid: Narcea.

- RODRÍGUEZ, Nora (2004): Guerra en las aulas: como tratar a los chicos violentos y los que sufren abusos. Ediciones Temas de Hoy, S.A.
- SAaAC (Servicio de Apoyo a Alumnos con Alteraciones del Comportamiento) (2001): Modelo de intervención y documentos de trabajo. Consejería de Educación y Cultura. Junta de Castilla y León.
- SUCKLING A., e TEMPLE, C. (2006): Herramientas contra el acoso escolar. Un enfoque integral, Madrid: Morata.
- TORREGO, J.C. (coord.) y otros (2000): Mediación de conflictos en instituciones educativas. Madrid: Narcea.
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>
- www.comadrid.es/dat_sur/upe/basicas.htm
- www.coe.int/t/E/human_rights/ecri/
- www.concejoeducativo.org/3con_con.htm
- www.pnte.cfnavarra.es/creena
- www.isei-ivei.net/cast/indexcas.htm
- www.gold.ac.uk/euconf/spanish/
- www.mec.es/cescs/seminario2000-2001.htm
- www.rsme.es/comis/educ/conviv.pdf
- www.cnice.mecd.es/recursos2/convivencia_escolar/
- www.cip.fuhem.es/violencia/revbiblio.html
- www.el-refugioesjo.net/bullying/articulos_trabajos.htm
- www.gencat.net/ense/depart/convivencia.htm